



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE"**

Rúa A Area , nº 1 15365 A Pedra - Cariño

Telf: 881880434 Fax: 881880440

email: [ceip.manuel.fraga@edu.xunta.es](mailto:ceip.manuel.fraga@edu.xunta.es)

web: <http://edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelfraga>

# PLAN DE CONTINXENCIA

## ÍNDICE:

1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO.....2
2. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....4
3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL..5

## 1. ACTUACIONES PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirá ao centro o alumnado e todo o persoal que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

2. Diante dun suposto no que un/unha **alumno/a** da que se **sospeita** que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no **centro educativo** seguirase o presente plan de continxencia :

- **o/a profesor/a de apoio que se atopa na aula ou, no caso de non haber, o/a delegado/a da clase, avisará ao conserxe para que informe ao membro do Equipo Covid de garda: o membro do equipo que teña hora libre ou á coordinadora, se os outros dous membros están impartindo clase ou cumprindo unha garda de substitución;**
- **o membro do Equipo Covid levará a este/a alumno/a á sala de espera(sala de illamento);**
- **o alumno ou alumna colocarse unha máscara cirúrxica así como a persoa que quede ao seu coidado;**
- **contactarase coa familia ou titor/a legal;**
- **a familia ou titor/a legal deberá chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria nas 24 horas seguintes para solicitar consulta;**
- **en caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061;**
- **a familia, despois da valoración clínica do seu médico, comunicará ao centro se está á espera dunha proba diagnóstica (pcr) e comunicará o resultado da mesma; tamén comunicará ao centro se non ten que facer a proba diagnóstica e pode acudir o/a alumno/a ao colexio.**

3. No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirán ao centro e a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das 24 horas seguintes e con algunha das persoas membros do Equipo Covid á maior brevidade posible.

4. O/a traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara cirúrxica e chamar ao seu médico que valorará a súa sintomatoloxía. Permanecerá no seu domicilio ata descartar a infección.

5. **En caso de comunicar ao colexio por parte da familia a confirmación do positivo nun/nunha alumno/a, ou o persoal do centro, será a coordinadora do Equipo Covid a que se poña en contacto coa Central de Seguimento de Contactos (CSC) por medio de chamada telefónica.**

6. Será a CSC a que cargará a petición de contactos na aplicación informática EduCovid.

## 7. Escenarios no suposto dos abrochos:

- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que, segundo o criterio epidemiolóxico, considerase contacto estreito a calquera persoa do centro educativo que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán a obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena, estando illados nos seus domicilios e suspenderán, mentres dure esta, a asistencia ao centro por un período de 10 días, e sempre de acordo coas indiciacións das autoridades sanitarias.
- O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula.
- Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- En función da intensidade e virulencia do abrocho, así como do número de persoas e niveis educativos afectados, a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.
- **A suspensión da actividade lectiva presencial** suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, que desenvolve as medidas previstas no protocolo do 4-11-2020:

### O DÍA DO PECHE

-A **dirección** comunicará a través de **abalarMóbil e web do colexio** a suspensión das clases presenciais.

-O **profesorado** habilitará na aula virtual do colexio os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumnado de EI e 1º e 2º de EP, a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual. Estes recursos poderán ser os libros de texto, fichas específicas e

actividades en liña, entre outros, segundo o organizado polo profesorado do grupo.

## 2. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual do centro [www.colecarino.net](http://www.colecarino.net) en 3º, 4º de EP; a través do programa E-dixgal para o alumnado de 5º e 6º de EP; orientacións ou indicacións subidas á aula virtual do traballo a realizar na casa para o alumnado de EI e 1º e 2º de EP. O profesorado de cada grupo decidirá os servizos dixitais corporativos a utilizar e sempre seguindo o seu cadro horario, coñecido previamente polas familias e o alumnado.
2. O profesorado, agás por indicación das autoridades sanitarias, poderá desenvolver o seu traballo no centro educativo ou no seu domicilio no caso de dispoñer dos medios adecuados.
3. Se algún/algunha mestre/a do grupo confinado se atopa de baixa será o equipo docente do citado grupo, coa axuda do equipo TIC/E-dixgal, o que disporá ao alumnado dos recursos formativos necesarios para que poda seguir as clases con normalidade ata a incorporación do profesorado substituto.
4. O profesorado impartirá as clases seguindo o horario “espello” do horario habitual. No **Anexo II** recóllense os horarios para os grupos de 3º,4º,5ºA, 5ºB, 6ºA e 6ºB. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando o seu dereito ao lecer e descanso.
5. Para garantir a atención á diversidade do alumnado o D.O. xunto co profesorado titor ten disposto na aula virtual os recursos organizativos e didácticos necesarios.
6. A dirección do centro facilitará á Consellería a lista do alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento. Esta lista foi confeccionada ao inicio do curso solicitando ás familias que cumplimentasen nunha ficha os datos necesarios relativos a este aspecto. Será a administración educativa a que disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:
  - O **mesmo día da corentena ou do peche** os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro.
  - Unha vez atendidas as necesidades iniciais as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia por correo electrónico á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.
  - Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.
  - Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material. Este documento recóllese no **Anexo III**.

- O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.
- Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, na que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias.
- Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o colexio, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser recollidos por AMTEGA.

7. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial polo que estará obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento. Por este motivo é necesario adaptar algúns artigos das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro á situación de peche con clases non presenciais. No **Anexo I** recóllense as modificacións do citado documento.

8. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

### 3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

Será o Equipo Covid do colexio o encargado de organizar e supervisar a reactivación das clases presenciais.

## ANEXO I

### NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

#### 3. PROFESORADO

**Artigo 111.** Ademais dos deberes recollidos no NOF en situación de clases presenciais, se algún/algunha mestre/a do grupo confinado se atopa de baixa será o equipo docente do citado grupo, coa axuda do equipo TIC/E-dixgal, o que disporá ao alumnado dos recursos formativos necesarios para que poda seguir as clases con normalidade ata a incorporación do profesorado substituto.

#### 4. ALUMNADO

##### 4.3. Horarios

**Artigo 121.** Na elaboración dos horarios das áreas e niveis de 3º, 4º, 5º e 6º terase en conta o disposto na Resolución Conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021; e a Resolución Conxunta da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento do ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19.

**Artigo 122.** O horario escolar para as aulas ou niveis en situación de peche será de 9.30 horas a 14.30 horas. No caso do peche de todo o centro educativo o horario será de 10:00 horas a 13:00 horas.

##### 4.4. Faltas de asistencia

**Artigo 124.** Considerarase falta de puntualidade do alumnado cando non acceda de xeito virtual á clase a través de conexión telemática máis tarde das 10:15 horas durante o peche de todo o centro educativo; e máis tarde das 9:45 horas cando o peche sexa dunha aula ou nivel educativo.

**Artigo 126.** O control de asistencia ás clases non presenciais farase do mesmo xeito que nas clases presenciais.

#### 7. ESPAZOS E RECURSOS

**Artigo 174.** A aula ten que ser obxecto de especial respecto, como primeirísimo lugar que é de traballo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. No ensino non presencial terá a consideración de aula a **aula virtual do centro**

**Artigo 177.** Na aula virtual, e en especial durante conexións de videoconferencias, o alumnado terá en conta as normas xerais seguintes:

- Non poderán comer larpeiradas, mascar goma, durante o transcurso de clases virtuais.
- Evitar ruidos innecesarios que podan molestar ao resto dos/das compañeiros/as.
- Non interromper aos/ás compañeiros/as e respectar as opinións dos demais.

- Utilizar o vocabulario axeitado, non usando palabras groseiras e fóra de lugar.
- Todas aquelas outras que o profesorado indique dentro do ámbito das súas competencias e dentro dun entorno virtual.

## 9.DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

### 9.7.1 Disposicións xerais

2.Son deberes básicos do alumnado:

h)Asistir a clase con **puntualidade** seguindo o **horario** establecido para as **clases non presenciais**.

**Neste documento so se recollen as modificacións das NOF para adaptalas ao ensino a distancia. O resto das normas de organización, funcionamento e convivencia seguen en vigor polo que son de obrigado cumprimento tamén no ensino non presencial.**

## ANEXO II

CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE" CARIÑO. HORARIOS DOCENCIA NON PRESENCIAL 2020-2021

### HORARIOS DOS GRUPOS PARA O ENSINO NON PRESENCIAL.

#### Confinamento dun grupo.

Para a tención a distancia do grupo confinado seguirase o horario de docencia ordinaria. Debido a que o profesorado ten que continuar a súa labor docente cos outros grupos non é posible a creación dun horario específico para o ensino non presencial. Teranse en conta a situación do alumnado e as propostas das familias co fin de modificar os tramos horarios sempre que sexa compatible cos horarios ordinarios e a resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios para o desenvolvemento do ensino a distancia en períodos de peche de aula ou centros como consecuencia da pandemia de COVID-19.

Establécese a carga lectiva de cada área segundo a seguinte táboa:

	<b>Terceiro</b>	<b>Cuarto</b>	<b>Quinto</b>	<b>Sexto</b>
Matemáticas	4	4	4	4
Lingua Castelá	3	3	3	2
Lingua Galega	3	3	3	2
L. Castelá/L. Galega (*)			1	1
CCSS	1	1	1	2
C. Natureza	1	1	1	1
CCSS/CN (*)	1			
Inglés	2	2	2	2
Relixión/valores	1	1	1	1
Educación Física	1	1	1	1
Música	1	1	1	1
Plástica	1	1	1	1
Robótica/Reforzo E.		1		1
Titoría alumnado	1	1	1	1
Número de sesións	20	20	20	20

(\*) Esta sesión impartirase de xeito quincenal alternando as dúas materias.



**Suspensión da actividade docente presencial en todo o colexio.**

No caso de peche do colexio seguirase o seguinte horario para a atención educativa non presencial:

<b>3ºA</b>					
	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>10:00</b> <b>10:45</b>	Matemáticas Beatriz D.	Matemáticas Beatriz D.	Matemáticas Beatriz D.	Lingua Cast Beatriz D.	Matemáticas Beatriz D.
<b>10:45</b> <b>11:30</b>	Lingua Gal Beatriz D.	Lingua Cast Beatriz D.	Lingua Cast Beatriz D.	Lingua Gal Beatriz D.	Plástica Marta D.
<b>11:30</b> <b>12:15</b>	EF Fran M.	Inglés Julia G.	Titoría Beatriz D.	Inglés Julia G.	Lingua Gal Beatriz D.
<b>12:15</b> <b>13:00</b>	Relixión Manuel S. Valores Beatriz D.	Ciencias Soc Beatriz D.	Música Marta D.	Ciencias Nat Beatriz D.	CN/CCSS Beatriz D.

<b>4ºA</b>					
	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>10:00</b> <b>10:45</b>	Matemáticas Deli L.	Matemáticas Deli L.	Matemáticas Deli L.	Lingua Cast Deli L.	Matemáticas Deli L.
<b>10:45</b> <b>11:30</b>	Lingua Cast Deli L.	Robótica Fran M. Reforzo Deli L.	Titoría Deli L.	Ciencias Soc Deli L.	Lingua Gal Deli L.
<b>11:30</b> <b>12:15</b>	Relixión Manuel S. Valores Deli L.	Inglés Jesús O.	Música Marta D.	Lingua Gal Deli L.	Inglés Jesús O.
<b>12:15</b> <b>13:00</b>	EF Fran M.	Lingua Gal Deli L.	Lingua Cast Deli L.	Plástica Marta D.	Ciencias Nat Deli L.

<b>5ºA</b>					
	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>10:00</b> <b>10:45</b>	Matemáticas JM Docal	Matemáticas JM Docal	Matemáticas JM Docal	L.Gal/L.Cast JM Docal	Matemáticas JM Docal
<b>10:45</b> <b>11:30</b>	Lingua Gal JM Docal	Música Marta D.	Lingua Gal JM Docal	Ciencias Soc JM Docal	Lingua Cast JM Docal
<b>11:30</b> <b>12:15</b>	Lingua Cast JM Docal	Lingua Cast JM Docal	EF Fran M.	Inglés Jesús O.	Lingua Gal JM Docal
<b>12:15</b> <b>13:00</b>	Inglés Jesús O.	Ciencias Nat JM Docal	Titoría JM Docal	Relixión Manuel S. Valores JM Docal	Plástica Marta D.

<b>5ºB</b>					
	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>10:00</b> <b>10:45</b>	Lingua Gal Julia G.	Lingua Gal Julia G.	Lingua Cast Julia G.	Lingua Cast Julia G.	Lingua Gal Julia G.
<b>10:45</b> <b>11:30</b>	Matemáticas Vicente O.	Matemáticas Vicente O.	Matemáticas Vicente O.	Relixión Manuel S.	L.Gal/L.Cast Julia G.
<b>11:30</b> <b>12:15</b>	Inglés Jesús O.	Música Marta D.	Titoría Julia G.	Matemáticas Vicente O.	Plástica Marta D.
<b>12:15</b> <b>13:00</b>	Lingua Cast Julia G.	Ciencias Soc Julia G.	EF Fran M.	Inglés Jesús O.	Ciencias Nat Julia G.

<b>6ºA</b>					
	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>10:00</b> <b>10:45</b>	Matemáticas Vicente O.	Matemáticas Vicente O.	Matemáticas Vicente O.	Matemáticas Vicente O.	Lingua Gal Vicente O.
<b>10:45</b> <b>11:30</b>	Inglés Jesús O.	Relixión Manuel S. Valores JM Docal	Plástica Marta D.	Lingua Cast Vicente O.	L.Gal/L.Cast Vicente O.
<b>11:30</b> <b>12:15</b>	Música Marta D.	Lingua Gal Vicente O.	Inglés Jesús O.	EF Fran M.	Robótica Fran M. Reforzo Vicente O.
<b>12:15</b> <b>13:00</b>	Ciencias Soc Vicente O.	Titoría Vicente O.	Lingua Cast Vicente O.	Ciencias Nat Vicente O.	Ciencias Soc Vicente O.

<b>6ºB</b>					
	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>10:00</b> <b>10:45</b>	Matemáticas María B.	Matemáticas María B.	Matemáticas María B.	Lingua Cast María B.	Matemáticas María B.
<b>10:45</b> <b>11:30</b>	Música Marta D.	L.Gal/L.Cast María B.	Lingua Gal María B.	Ciencias Nat María B.	Inglés Jesús O.
<b>11:30</b> <b>12:15</b>	Lingua Cast María B.	Relixión Manuel S.	Titoría María B.	Ciencias Soc María B.	Lingua Gal María B.
<b>12:15</b> <b>13:00</b>	Ciencias Soc María B.	Plástica Marta D.	Inglés Jesús O.	EF Fran M.	Robótica Fran M. Reforzo María B.

<b>SESIÓNS DE TITORÍA COAS FAMILIAS</b>					
	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>10:00 - 10:45</b>					
<b>10:45 - 11:30</b>					
<b>11:30 - 12:15</b>		3ºA	6ºA	5ºA	4ºA
<b>12:15 - 13:00</b>			5ºB	6ºB	

**MODELO DE ACORDO DE CESIÓN**

Eu, D./Dña. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a \_\_\_\_\_  
do centro educativo \_\_\_\_\_  
recibín en réxime de préstamo o equipamento identificado máis abaixo para continuar o  
proceso formativo durante a vixencia das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia  
por Covid-19.

Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade e  
coidado, a cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolvelo nas mesmas  
condicións en que me foi entregado.

EQUIPO	MODELO	N.º DE SERIE
--------	--------	--------------

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Centro educativo ao que se refire este documento
Finalidade do tratamento	Rexistro e acta de entrega de equipamento
Lexitimación do tratamento	O cumprimento dunha misión de interese público, o exercicio de poderes públicos, o cumprimento dunha obriga legal, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e demais regulación concordante
Destinatarios do datos	Non se prevén comunicacións a terceiras persoas
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

E para que así conste, asino este documento

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Entregado ao centro educativo con data \_\_\_/\_\_\_/\_\_\_



## CONDICIÓN DA CESIÓN

1. Mediante este acordo a Xunta de Galicia cede o uso dun ordenador e dun kit de conexión composto por un router inalámbrico e unha tarxeta SIM, ao/a alumno/a cunha finalidade educativa para a realización de tarefas escolares durante o período de corentena ou confinamento domiciliario do alumno/a por indicacións sanitarias debido a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, coas condicións e normas recollidas neste documento. **Non se poderá utilizar o citado equipo para ningún outro uso persoal ou profesional. Ademais non poderá cederse a terceiras persoas.**

2. O/a alumno/a e a súa familia non poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software nel instalado. En caso de que se observe calquera desperfecto no equipo, deberá informar ao/á titor/a do curso e notificalo á Unidade de Atención a Centros (UAC) no menor prazo posible. Dado que se trata dunha ferramenta proporcionada pola Administración, o persoal técnico da Xunta de Galicia poderá requirir o ordenador para desenvolver actividades de administración ou mantemento.

3. O ordenador e o kit de conexión deberán ser entregados (**nas súas embalaxes orixinais**) no centro educativo á máxima brevidade e sempre no prazo máximo de 3 días da reincorporación do alumno/a ao centro escolar unha vez rematado o período de estancia domiciliaria.

4. Responsabilízome do correcto coidado e uso do ordenador e do kit de conexión, respondendo da perda deste ou do seu mal uso. Isto non inclúe as avarías que poidan producirse na utilización diaria dos equipos e estean contempladas na súa garantía.

UNIDADE DE ATENCIÓN A CENTROS

uac@edu.xunta.gal  
881997701

